



CONCELLO DE TOQUES

DEPARTAMENTO DE DEPORTES

Lugar de Souto, s/n.-15806.-TOQUES (A Coruña)

Tfno: 981 505 826 Mov: 626 445 816 Fax: 981 506 255

Enderezo-e: mauro.noguerol@toques.dicoruna.es



CAMPAMENTOS DE VERÁN DA DEPUTACIÓN

O Concello de Toques oferta **3 prazas** para participar no vindeiro **Campamento Deportivo**, que ten lugar todos os anos nas instalacións do I.E.S. Rosalía Mera (antigo Colexio Calvo Sotelo) da Coruña na tempada de vacacións de verán.

Para este ano 2022, a estadia prolongarase desde o domingo **3/07/2022 ata o venres 8/07/2022**, e os destinatarios son os rapaces e rapazas nados ou nadas entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2013.

O **prazo para solicitar** xa está aberto e **remata o 20 de maio**, sendo o **custo por participante de 85 €** que se aboarán una vez concedida a praza tras o remate do prazo de solicitude. O custo da actividade inclúe: transporte interno, estadia e manutención en residencia, e todo gasto que ocasionen as actividades programadas.

O **programa de actividades**, sendo moi amplo, inclúe actividades e xogos con contidos que fomenten a comunicación, o intercambio de experiencias, a convivencia e o respecto polos demais. As actividades deportivas serán ao aire libre no propio centro con xornadas de Praia e deportes náuticos. Ademáis realizaranse visitas aos centros de interese cultural e etnográfico da provincia da Coruña.

Máis información: 626445816 ou consultando a seguinte dirección web:

<https://www.dacoruna.gal/deportes/campamentos-deportivos>

Toques, 20 de Abril de 2022

O alcalde

José Á. Penas García